

Sobre un poema autógrafo de Eduardo Pondal

Humberto Castro Soto

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

CASTRO SOTO, HUMBERTO (2011 [1983]). “Sobre un poema autógrafo de Eduardo Pondal”. *Dorna. Caderno de crítica literaria*: 6, 3-4. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/42>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

CASTRO SOTO, HUMBERTO (1983). “Sobre un poema autógrafo de Eduardo Pondal”. *Dorna. Caderno de crítica literaria*: 6, 3-4.

* Edición dispoñíbel desde o 24 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

SOBRE O POEMA AUTÓGRAFO DE E. PONDAL

Hai anos, no histórico Salón de Carlos V, do convento de S. Francisco de Santiago, existía unha vella biblioteca aluída: edicións duplicadas da gran biblioteca conventual, libros de relixiosos falecidos, etc., pendentes da súa posible incorporación á biblioteca central. Nunha das miñas visitas a aquel entón misterioso local atopei un libro bastante deteriorado: Eduardo Pondal/ *Queixumes d' os pinos*, La Coruña, Latorre y Martínez Eds. Imprenta de La Voz de Galicia, 1886. Tratábase dun volume de 225 páxinas.

Reparei na adicatoria manuscrita: "A su muy caro e inolvidable amigo, el eminente poeta Dn. Luis Rodríguez Seoane, el autor". E dentro unha pequena folia doblaba contendo unha poesía tamén manuscrita: "A miña Bohemia". Sorprendeume a identidade de rasgos gráficos coa adicatoria. A parte da posibilidade de que se tratase de dous autógrafos, intrigoume a notable diferenza de redacción entre a poesía manuscrita e a publicada. ¿Trátase dun borrador ou quizais dunha reelaboración posterior á publicada en 1886? Ó meu xuicio é un esbozo que non acada aínda a perfección de "Feros corvos..." O título "A miña Bohemia", que non figura nesta primeira edición, imprimía ó posible autógrafo unha expresiva e reveladora forza autobiográfica.

Libro e autógrafo, en probable perigo de desaparición polo seu lamentable estado de conservación e carácter precario daquela biblioteca, pasaron a formar parte do pequeno lote dos meus "ex libris" pessoais. Acompañáronme sucesivamente por terras padronesas, zamoranas, venezolanas, noiesas e muradanas, sempre pendente de comprobar a súa autenticidade. Ofrezco gustoso a información ós estudiosos da obra e personalidade do bardo bergantiñán.

Humberto Castro Soto
Convento-Residencia de S. Francisco de Louro-Muros

VERSIÓN PUBLICADA EN 1886*

Feros corvos de Xallas,
que vagantes andás;
en salvage compañía,
sin hoxe nin mañán.
¡Quen poidera ser voso compañeiro,
pol-a gándra longal!

Algo de vago e fero
do meu ser no profundo
eu levo, com' as brétomas
dos curutos escuros;
e unha ruda e salvage
incrinación dos seres vagamundos.

Algo do rudo vento
q' azouta o cabo Ougal;
do salvage miñado,
que leva o vento soán;
e con nobre ufanía,
o esquivo mato registrando vai!

Algo das vagas brétomas,
algo das uces altas,
algo dos libres corzos
e das feras bandadas
dos corvos vagamundos,
ques' espallan de Xallas pol-as gándras.

* * *

(nunha páxina anterior)

Ou da terra de Xallas, feros corvos,
que vagantes andás;
sin pensar no destino,
sin hoxe nin mañán.
¡Quen poidera ser voso compañeiro,
pol' agreste soedá!

AUTÓGRAFO

Sí, eu levo uns estraños sentimentos
do ánimo no profundo;
os instintos da brétomas e os ventos,
e os costumes dos corvos vagabundos.

Algo da vela branca e alongada
que dobra o cabo Ougal;
do salvaxe miñado que vagando
anda c' o vento soán.

Eu levo como da gandra espaciosa
a espesa cerrazón;
albergue fixo e certo nunca túven,
nin sei a donde vou.

Ou corvos do pinal de Forcaride;
fraga antiga e cervical;
en espírito, voso compañeiro
sempre fun, en verdá.

* En *Queixumes dos pinos*, páx. 155.